

Exposición pública do padrón da taxa de abastecemento de auga do 3º trimestre do 2024

Por Decreto da Alcaldía **n.º 349/2024** de data **05/09/2024**, aprobouse o padrón da taxa pola prestación do servizo de abastecemento domiciliario de auga potable, así como polos canons de auga, correspondente ao 3º trimestre de 2024.

Por medio deste edito expóñense ao público polo prazo de QUINCE días hábiles, contados a partires do día seguinte ao da publicación do devandito anuncio no Boletín Oficial da Provincia.

Esta exposición actúa como notificación colectiva a tódolos contribuíntes nos termos establecidos no artigo 102.3 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, Xeral Tributaria.

O prazo do período de cobranza en voluntaria do padrón da taxa pola prestación do servizo de abastecemento domiciliario de auga potable, así como polos canon de auga será de DOUS MESES, contados a partir do día seguinte ao da exposición pública do devandito padrón.

Transcorridos estes prazos iniciárase o período executivo e a débeda resultante esixírase polo procedemento de constrinximento, logo de devengar o recargo de prema, xuros de mora e, no seu caso, as custas que se produzan. No que respecta ao canon da auga, a falta de pagamento no período voluntario sinalado suporá a esixencia do mesmo directamente o contribuínte pola vía de constrinximento pola Consellería competente en materia de facenda da Xunta de Galicia.

A repercusión do canon da auga poder ser obxecto de reclamación económico-administrativa ante a xunta superior de facenda (Consellería de Facenda) no prazo dun mes dende que se entenda producida a notificación mediante padrón.

Contra as liquidacións incorporadas ao Padrón poderán presentar perante o Concello de Sobrado o recurso de reposición previo ao contencioso-administrativo regulado no artigo 14.2 do texto refundido da lei reguladora das facendas locais aprobado por Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo, durante o prazo dun mes dende o día seguinte ao que remate da exposición ao público do padrón. A interposición do recurso non suspende a eficacia das liquidacións correspondentes, agás que se solicite a suspensión e se presente garantía nos termos establecidos no apartado i) do precepto anteriormente mencionado. O recurso entenderase desestimado se non se resolve expresamente no prazo dun mes dende a súa interposición. Contra a desestimación presunta do recurso poderse interpor recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de A Coruña, no prazo de dous meses, dende a notificación da resolución expresa, ou de seis meses dende que se produza a desestimación presunta, tal como establece o artigo 46.1 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa

Sobrado, **de novembro de 2024**.

O alcalde

Luis Lisardo Santos Ares